

## BOAS FAMILIA!

Por sorte estes días de encerro pilláronnos cunha gran ferramenta ao noso lado, **internet**, nel podemos atopar miles de recursos de todas as temáticas (experimentos, contos, curtas, películas...) pero é importante que sexa iso, unha axuda para ir levando isto da mellor forma posible.

A continuación vouvos deixar unha mestura de **recursos en liña** que espero que vos axuden a pasar os días más entretidos e entretidas.

**Cancións** que nos gustan moito (pinchando no título lévavos a canción en youtube):

- [Earth- Lil Dicky](#) (os/as peques dinlle a canción do planeta).
- [Si me voy- Paula Rojo](#) (máis coñecida como a canción dos vasos).
- [Cups- Anna Kendrick](#) (a dos vasos, pero en inglés).
- [Depende de los 2](#) (a canción dos chicos e das chicas).
- [Depende de los 2- coreografía](#) (a dos chicos e chicas co baile completo).

**Curtas** que nos entreteñen e nos fan reflexionar sobre diferentes temáticas:

- ✓ [Purl](#): homes e mulleres son igual de válidos e válidas para calquera traballo.
- ✓ [Cuerdas](#): a riqueza da diferenza.
- ✓ [The birds](#): aceptación da diversidade.
- ✓ [El puente](#): traballo en equipo.
- ✓ [El regalo](#): tratar de aceptar as debilidades e convertelas en fortalezas.
- ✓ [Tamara](#): todos e todas podemos gozar da música, a música séntese.
- ✓ [Solidaridad](#): a importancia da solidaridade (podemos enlazalo con todas as boas accións que estamos a ver nestes días).
- ✓ [Reach](#): altruísmo e solidaridade.

Outra actividade entretida que podemos facer sen saír da casa é **percorrer o mundo**, si, dende casa! Aquí douvos unhas ideas de como facelo:

- A través de **vídeos musicais**, este dúo que vos deixo a continuación ademais de ser música en acústico (que pode vir ben para certos momentos) mostra unhas paisaxes increbles: [Músic travel love](#)
- Vídeos de **realidade virtual** coma os seguintes: [o Amazonas](#), [o espazo](#), [os dinosauros](#)... Recoméndovos velos nos vosos móbiles, é sinxelo unha vez dentro do vídeo vaise movendo o móvil e vanse vendo diferentes partes, e cando xa se poida saír a rúa adquirir unhas gafas para velos mellor ou facelas na casa coma unha



### **MANUALIDADE**

(<https://www.youtube.com/watch?v=2zEpCYfzU4&t=270s>)

- A través de **Google Earth**

<https://earth.google.com/web/@0,7.658201,0a,22251752d,35y,0h,0t,0r/data=KAE>

Outra opción que se nos presenta nestes días é ver diferentes **obras teatrais** dende a casa a través da web [teatroteca](#) para a que se necesita abrir dende un navegador entre os seguintes: chrome (versión escritorio), firefox ou opera; e na que podemos ver diferentes obras teatrais tanto infantis coma de outras temáticas.

Ademais de todo isto podemos facer unha **sesión de cine** na casa para rematar da mellor forma posible un día cheo de aventuras. O primeiro será facer unha lista de películas que ver, para iso, podemos consultar páxinas coma:

- <https://www.fotogramas.es/noticias-cine/g25712637/calendario-cine-infantil-peliculas-familiares-animacion-2019/>
- <https://www.fotogramas.es/noticias-cine/g25574097/peliculas-infantiles-familiares-animacion-mas-taquilleras-mayor-recaudacion-2018/>
- <https://listas.20minutos.es/lista/20-mejores-peliculas-infantiles-361594/>
- <https://www.chiquipedia.com/peliculas-infantiles/>

despois o que se debe fazer é ambientar a sala: acomodar onde sentarse, baixar as persianas ou pasar as cortinas e deixar unha lámpada creando unha sala con pouca luz, facer flocos de millo ou abrir unhas patacas... o importante é divertirse e aproveitar o tempo en familia.

Para calquera cousa podedes contactar comigo a través do correo:

[victoriafernandezrodriguezz@gmail.com](mailto:victoriafernandezrodriguezz@gmail.com)

Espero que nos vexamos pronto,

**MOITO ÁNIMO**

**E UNHA APERTA MOI GRANDE PARA OS E AS PEQUES!**

Ado: Viqui

